

NA ALDEA

RICARDO CARVALHO CALERO
«O LAR DE CLARA»

Cando o meu pai estaba na aldea, eu gostaba de saír con el a pasear pola estrada. Outros señores, provistos de chapeu e bastón, uníanse a el, e con el falaban, paseando moi devagar. Moitas veces, detíñanse para botar unha parrafada especialmente importante, e logo continuaban paseando. Eu, a quen o meu pai levaba da man, tiña que me deter ou poñerme a andar segundo eles facían. Aquelas manobras sorprendíanme moito. Non sabía por que razón se detían ou reemprendían a marcha. Non achaba a clave dos seus movementos.


R. Carvalho Calero



DÍA DAS LETRAS GALEGAS


17 DE MAIO 2020

carlosgallegodominguez.com




RICARDO CARVALHO CALERO

(1910-1990)

 Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega

 XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

 Seminario Galán.org

Ricardo Carvalho Calero naceu en Ferrol (A Coruña), o 30 de outubro de 1910. Era o fillo maior de M^a Dolores e Gabriel Ricardo.

Os seus primeiros estudos foron nun colexio da rúa Magdalena, onde entrou xa sabendo ler, e posteriormente no Colexio Sagrado Corazón de Xesús, dirixido polo escritor Manuel Comellas.

Fixo o bacharelato por libre e, aos dezaseis anos, trasladouse a Compostela a estudar na universidade.

Foi un defensor do idioma galego, membro da Real Academia Galega e do Seminario de Estudos Galegos, onde coñeceu a Vicente Risco, Castelao, Otero Pedrayo, Cuevillas...

Traballou en moitas revistas: *A Nosa Terra*, *Nós*, *Guión*, *Galiza*, *Resol*, *Universitarios*, *Papel de Color*...

En 1965 incorporouse ao Instituto Rosalía de Castro de Santiago e, como profesor contratado, á universidade compostelá, da

que se converteu no seu primeiro catedrático de Lingüística e Literatura Galega.



É autor de moitas obras de teatro, poesía, novela e estudos sobre a lingua e a literatura galega.

Defendeu a teoría do reintegracionismo que sostén a postura lingüística de que o galego é unha variedade da lingua portuguesa e que propón a adopción dunha grafía baseada na norma portuguesa.

Faleceu en Compostela o 25 de marzo de 1990.

Este ano, a Real Academia Galega dedícalle, polo seu labor en defensa da nosa cultura, o Día das Letras.



En «*Catro pezas*», editado en 1971, está «*A farsa das zocas*» a obra teatral máis coñecida de Ricardo Carvalho Calero.